

ESTADÍA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Albergue rural “O Viso”- Lodoselo Sarreaus - A Limia

1ª quenda: do 4 ao 10 de xullo de 2005



2ª quenda: do 15 ao 21 de xullo de 2005

Neste verán ofertáronse dúas estancias de educación ambiental, unha para os máis pequenos e outra para os maiores, na Limia cunha duración dunha semana.

Aínda que nestas actividades de verán se prima a faceta máis lúdica, se insiste tamén no proxecto educativo que se desenvolve ao longo de todo o curso escolar, no que se pretende formar a nenos e nenas para que aprendan a convivir coa natureza dunha maneira harmónica, fomentando tamén a educación en valores.

Esta estancia permite a convivencia dun grupo de nenos e nenas e Santiago de Compostela e a participación na vida das xentes de Lodoselo.

1.- DATOS XERAIS

1.1.- Lugar e Infraestrutura

Este programa desenvolverase en Sarreaus e Xinzo, localidades situadas na comarca de A Limia (Ourense), a 700-900 m de altitude. A distancia aproximada desde Santiago de Compostela a este lugar é de 180 Km. O lugar elixido reúne as condicións e recursos adecuados, tanto de medio natural como de medio social, para realizar as actividades de educación ambiental propostas.

O entorno do albergue conta con moitas posibilidades e recursos para disfrutar do medio natural e cultural e da súa paisaxe. Nas cercanías existen Espazos naturais interesantes asociados á antiga Lagoa de Antela. Conta tamén cun patrimonio cultural e etnográfico moi rico, no que destacan as Torres da Limia, o seu Museo Etnográfico e a arquitectura tradicional dalgúns dos seus pobos.

Todos estes valores convérteno nun lugar axeitado para o coñecemento da natureza e para fomentar o coidado e respecto á mesma.

O Albergue é tamén un centro de desenvolvemento rural de referencia. Está situado na parroquia de Santa María de Lodoselo, a menos de 2 km de Sarreaus. Foi casa rectoral de labranza, restaurada e habilitada para albergar a grupos e dinamizar á mocidade e maiores dos arredores. A casa dispón de patio interior, cociña, comedor, biblioteca, cuartos con liteiras, baños e distintas estancias para obradoiros.

O médico de atención primaria se encontra a menos de 2 km do albergue, en Sarreaus, e o centro de saúde en Xinzo de Limia, a menos de 10 km.

Durante toda a estancia dispoñerase dun coche de apoio para atender calqueira necesidade que poida xurdir nos días de estancia.

1.2.- Datas

1º quenda: do 4 ao 10 de xullo

2º quenda: do 15 ao 21 de xullo

1.3.- Participantes

Participan 25 nenos e nenas en cada quenda con idades comprendidas entre os 6 e os 10 anos na primeira quenda e de 10 a 13 anos na segunda.

1.4.- Recursos humanos

A coordinación e monitoraxe deste campamento será levada por monitores/as con ampla experiencia, titulación e formación para o desenvolvemento do programa proposto.

Este equipo se complementa co persoal de cociña e servizo de limpeza do albergue e o seu coordinador. Ademais contaremos con personal especializado para determinadas actividades, coa colaboración especial de varias veciñas maiores do pobo de Lodoselo que nos ensinarán como se fía e como se fai unha fornada tradicional de pan, e a axuda puntual dos educadores do Centro "O Viso".

1.5.- Recursos materiais.

Utilizaranse: coche de apoio, tendas de campaña, materiais para obradoiros, botiquín, materiais deportivos e lúdicos, materiais de orientación, materiais para as saídas de campo (prismáticos, guías, contafíos...)

1.6.- Material dos participantes.

Listado de material imprescindible que deben levar os participantes:

- ✍ Mochila pequena para os itinerarios(que se poda levar ás costas)
- ✍ Saco de durmir e esterilla aillante
- ✍ Cantimplora ou similar
- ✍ Gorra ou sombreiro
- ✍ Botas cómodas para camiñar e outro calzado de reposto
- ✍ Chanclas para ducha e baño nas piscinas
- ✍ Útiles de aseo persoal e crema solar protectora
- ✍ Bañador e 2 toallas (unha para a ducha e outra para os baños na piscina)
- ✍ Roupas cómodas para frío e calor (mudas, camisetas, algún pantalón largo e xersei...)
- ✍ Varios pares de calcetins para as botas.
- ✍ 1 ou 2 prendas de abrigo para as noites
- ✍ Chuvasqueiro.
- ✍ Caciño metálico ou plástico
- ✍ Lapis e caderno de campo
- ✍ Fotocopia tarxeta sanitaria

Listado de material opcional (non comprar nada, só se tedes):

- ✍ Lanterna ou foco.
- ✍ Instrumento musical pequeno
- ✍ Cámara fotográfica
- ✍ Prismáticos
- ✍ Libros de lectura
- ✍ Discos ou CDs para a festa final

🚲 Bicicleta

Horario e lugar de saída dende Santiago

Días 4 e 15 de xullo (1ª e 2ª quenda respectivamente), ás 10 h. da mañá na Dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Horario e lugar de chegada a Santiago

Días 10 e 21 de xullo (1ª e 2ª quenda respectivamente), ás 20,30 na Dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

2.- OBXECTIVOS XERAIS.

- Achegar aos participantes ao ambiente social e natural galego.
- Crear un ambiente lúdico e de convivencia en grupo.
- Potenciar a colaboración entre sexos en todo tipo de xogos e traballos estimulando a cooperación, solidariedade e a igualdade entre as persoas.
- Fomentar a curiosidade, a investigación e a exploración na Natureza.
- Potenciar o respecto e a conservación do patrimonio natural, cultural e etnográfico.
- Aprender a analizar as distintas problemáticas sociais e naturais da zona.
- Desenvolver as habilidades psicomotrices e manuais dos participantes.

3.- METODOLOXÍA.

Desenvolverase unha metodoloxía activa, investigativa, participativa, flexible e tolerante. Aproveitando a curiosidade natural dos participantes, profundizarase no coñecemento e conservación da natureza, facéndoos protagonistas e responsabeis tanto dos traballos comunitarios como das actividades a desenvolver.

Para desenvolver as actividades lúdicas e educativas traballaremos normalmente en un grupo ou en tres.

Para realizar as tarefas, como poñer e recoller a mesa, dividirase ao grupo en 3 ou 4 subgrupos, de elección libre e mixtos. Deste xeito traballaremos con máis comodidade e atención personalizada.

Proporcionarase aos participantes un caderno didáctico que lles servirá como guía das actividades a realizar.

4.- CADRO DIARIO DE ACTIVIDADES.

4.1.- Programa xeral previsto

1º día	2º día	3º día	4º día
-Viaxe -Xogos de presentación -Xantar e baño na praia fluvial A Rañoa	Itinerario a pé a Nocelo da Pena	Fornada Obradoiro de fiado	Itinerario a pé Lodoselo-Freixo-Couso Acampada en Couso

17,00. Visita Museo Etnográfico A Limia -Chegada ao albergue: asemblea	Baño na piscina de Vilaseca e xogos	Baño na piscina de Sarreaus	
Velada: saída nocturna	Velada: bailes e cancións	Velada: xogos dos focos	Velada: contos e estrelas
5º día	6º día	7º día	
Itinerario de regreso Xantar no albergue	Itinerario en bicicleta por Piñeira Seca-Trandeiras e Torre da Pena	-Recollida e limpeza - Olimpiada da paz. - Recóllenos o bus.-	
Baño na piscina de Sarreaus		-Xantar en Rairiz ou Allariz. - Avaliación e asemblea despedida. -Regreso.	
Velada: velada comun cos rapaces do pobo.	Velada: festa final		

4.2.- Horario diario

08,45.- ERGUÉMONOS
9,00.- ASEO PERSOAL
9,45.- RECOLLIDA DO CUARTO E TAREFAS
10,00.- OBRADOIROS E OUTRAS ACTIVIDADES
16,30.- BAÑO
18,30.- XOGOS E OUTRAS ACTIVIDADES
20,00.- DUCHAS
20,30.- ASEMBLEA (DÍAS ALTERNOS)

INFORMACIÓ N:

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓ N E MOCIDADE
981- 55 44 00 /01